


MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZO DE HOSTING E MANTEMENTO DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO, OS DOMINIOS CORPORATIVOS E WEBS EXTERNAS

Sumario

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS.....	2
1. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO.....	2
2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.....	2
3. XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA MEDIOS PROPIOS.....	3
4. PROPOSTAS PARA INCORPORAR AOS PREGOS ADMINISTRATIVOS.....	4
4.1 Proposta de procedemento de contratación.....	5
4.2 Proposta criterios de solvencia.....	5
4.3. Proposta de criterios de adjudicación.....	5
4.4 Proposta de pagamento.....	8
4.5 Cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.....	9
5. CLASIFICACIÓN CPV.....	10
6. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.....	10
7. ORZAMENTO DA LICITACIÓN.....	10
9. RESPONSABLE DO CONTRATO.....	11
10. VOGAIS DA MESA DE CONTRATACIÓN.....	11

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	1/11



ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS

A Deputación de Lugo conta con un Centro de Proceso de Datos (CPD) sobre o que funciona un sistema de virtualización que alberga os principais servizos e base de datos informáticas de uso común por parte de todos os traballadores da Deputación: sistemas de telefonía, xestión de redes, aplicacións de contabilidade, de nóminas, xestión de persoal, ferramentas de administración electrónica, etc. O Servizo de Novas Tecnoloxías encargase de administrar esta infraestrutura e de xestionar moitos dos sistemas e aplicativos que este alberga.

O CPD físico complementase actualmente con servidores externos que albergan aplicacións e servizos en modo cloud, en particular esta é a modalidade para o servidor de correo electrónico e de webs e servizos legacy que se seguen a utilizar aunque a tecnoloxía na que están implementados está obsoleta.

O obxecto de este contrato é renovar e ampliar os servizos que se atopan virtualizados na nube, en concreto o servizo de correo electrónico corporativo da Deputación de Lugo e o hosting de diferentes portais e aplicacións web que se foron herdando de outros proxectos que se aloxan fora da infraestrutura física do CPD. O contrato inclúe ademais a renovación dos dominios web que actualmente están a nome da Deputación, e ofrecer servizos para a súa xestión e configuración de DNS.

1. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é renovar os dominios corporativos da Deputación de Lugo e manter os servizos e aplicacións que se ofrecen en modo *cloud*, aloxadas fóra da infraestrutura física do CPD da Deputación de Lugo.

Actualmente existen dous tipos de servizos que se ofrecen en modo *cloud*, servizos baseados en arquitectura Linux e servizos en arquitectura Windows, por iso dentro do contrato se inclúen dous servidores virtuais, un por cada arquitectura, que albergan estes servizos deslocalizados. Entre os servizos máis críticos que se ofrecen en modo *cloud* se atopa o sistema de correo electrónico da Deputación de Lugo.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O actual contrato de mantemento de dominios e dos servidores cloud finaliza en outubro de este ano 2021, e visto que a necesidade segue a existir considérase preciso iniciar un novo procedemento de contratación para renovar este servizo e melloralo.

En particular dentro do presente contrato inclúese a renovación dos dominios que están rexistrados a nome da Deputación e manter os servidores deslocalizados que albergan os servizos *cloud* que inclúen non só webs senon tamén o sistema de correo electrónico da Deputación:

- **Dominios corporativos.** Os servizos que ofrece a Deputación publícanse en internet baixo un dominio determinado que determina a súa dirección e url: deputacionlugo.org, museolugo.org, deputacionlugo.gal, etc. Os dominios en internet adquírense pero deben renovarse periodicamente, para poder seguir utilizándoos. No caso de non renovar un dominio este estaría disponible para a súa compra e utilización por outra persoa, de tal xeito que se non se renovase o dominio deputacionlugo.org non só teríamos que cambiar todos os servizos que responden baixo este dominio senón que outra persoa/empresa pode adquirir ese dominio e poñer os seus propios servizos, aproveitando o posicionamento e a imaxe da Deputación.

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	2/11



Na xestión e mantemento de dominios, non só se inclúen os dominios máis usados ou cuxo contido sexa novo ou actualizado con frecuencia, senón que se inclúen tamén dominios con menos actividade, incluso de proxectos recentes pero non activos, porque seguen vinculados a Deputación: ou ben porque o proxecto non este activo pero sexa necesario mantelo por se hai que reactivalo (proxectos cofinanciados ou proxectos que están parados a espera de ser reactivados) ou dominios moi relacionados coa Deputación que se manteñen reservados para evitar que outra persoa poida compralos e facer mal uso dos mesmos (para evitar por exemplo casos de suplantación na web).

- Servizos cloud. Se ben os servizos máis críticos están aloxados no CPD da Deputación de Lugo, existen outra serie de servizos que a Deputación ofrece que se manteñen en servidores en modo *cloud* fisicamente ubicados fóra da nosa infraestutura.

Desta forma conseguimos optimizar os recursos do CPD principal, centrándonos só nos sistemas máis críticos, e tamén evitamos ter no noso sistema servizos antigos, obsoletos e inseguros que poidan por en risco a infraestrutura local.

Entre os servizos que se ofrecen en modo *cloud* está o servidor de correo electrónico da Deputación, sen dúbida o único servizo máis crítico, pero tamén se albergan aplicacións herdadas de proxectos anteriores e que teñen unha arquitectura antiga que dificulta a súa migración a un servidor actual do CPD.

En base ao anteriormente exposto, a necesidade administrativa a satisfacer co presente contrato é manter os dominios rexistrados a nome da Deputación de Lugo e os servidores e servizos que se ofrecen en modo *cloud* (entre eles o propio sistema de correo electrónico da Deputación).

3. XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA MEDIOS PROPIOS


O próximo mes de outubro finaliza o contrato de *Servizo de administración, hosting e mantemento do correo electrónico e os dominios corporativo*, dentro do cal se inclúen os seguintes servizos:

1. Renovación e xestión dos dominios corporativos.
2. Hosting e administración de servidores dedicados: correo electrónico e webs e portais secundarios.

O primeiro punto consiste na renovación da compra dos máis de 50 dominios de internet que están a nome da Deputación de Lugo, trátase por tanto dun subministro que debe de adquirirse e que non se pode prestar por medios propios.

O segundo punto consiste no mantemento dos servizos que actualmente se atopan aloxados en servidores externos á infraestrutura física do CPD da Deputación de Lugo, en particular en dous servidores: un con infraestrutura linux e outro con infraestrutura windows. Entre os servizos que albergan estos servidores e que se ofrecen en modo *cloud*, está o sistema de correo electrónico da Deputación, que se ben é un sistema moi importante tamén é un sistema que consume moitos recursos polo que se opta por sacalo do CPD da Deputación co fin de aproveitar mellor os recursos limitados do mesmo. Por outro lado moitas aplicacións que se ofrecen en esta infraestrutura son webs herdadas, aplicacións tecnoloxicamente obsoletas que poden ter importantes brechas de seguridade pero que seguen a utilizarse, polo que é preferible mantelas fora da infraestrutura do CPD e evitar riscos de seguridade. Neste caso é máis rentable manter estas aplicacións sen actualizar ailladas nuns servizos

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	3/11



externos que refacer as mesmas para adaptalas ás tecnoloxías actuais e incorporar medidas de seguridade que permita albergalas no CPD físico.

4. PROPOSTAS PARA INCORPORAR AOS PREGOS ADMINISTRATIVOS

Proponse que a licitación non se divida en lotes, realizando todos os traballos de forma conxunta ao estar moi interconectados.

A decisión de non dividir a presente licitación en lotes basease no suposto recollido no artigo 99 apartado 3 epígrafe b da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público

“(...)

b) O feito de que o desempeño independente dos diversos servizos incluídos no obxecto do contrato dificulta a correcta execución dende o punto de vista técnico; ou que o risco para a correcta execución do contrato provén da natureza do obxecto do mesmo, cando implica a necesidade de coordinar a execución dos distintos servizos, unha cuestión que podería ser imposible debido á súa división en lotes e á execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os dous extremos deberán estar, no seu caso, debidamente xustificadas no ficheiro.

(...)”

O obxectivo final do contrato é o de prestar unha serie de servizos en modo *cloud*, servizos que se poden prestar de forma conxunta, compartindo recursos, para así optimizar a solución e reducir os custos dos mesmos. De este xeito o orzamento e o plantexamento do contrato está orientado para que o mesmo hosting de servidor que se está pedindo coma servizo, se utilice como servidor de dominios ou servidor de correo electrónico, incluso que se utilice tamén como servidor ftp e servidor de intercambio de arquivos, é dicir o servidor de hosting, ademais de utilizarse para almacenar as webs, utilizaríase para ofrecer os outros servizos requiridos no alcance do contrato. Consideramos polo tanto que a prestación dos servizos de forma conxunta permite aproveitar mellor os recursos e reutilizar os mesmos e que a licitación de forma conxunta é a solución máis eficiente e a priori máis económica.

Se ben o obxectivo do contrato é a de proporcionar unha serie de servizos en cloud, a xestión e administración do día a día dos mesmos, correrá a cargo dos técnicos da Sección de Novas Tecnoloxías, polo que o adxudicatario deberá ofrecer ferramentas e aplicacións informáticas que permitan unha xestión e configuración eficaz e sinxela. A licitación do contrato sen dividilo en lotes posibilita que todos os servizos se poidan administrar dende un único punto, o que facilita a súa xestión e a operativa diaria por parte dos técnicos da Deputación. Pola contra, a división en lotes do obxecto do contrato, suporía que cada servizo contase con un sistema de xestión diferente, complicando a explotación do servizo e aumentando a posibilidade de cometer erros se temos en conta que moitos servizos deben estar interrelacionados (por exemplo o habitual é que o espazo ftp, o espazo de intercambio de arquivos normalmente vaia asociado a unha conta de correo electrónico, de cara a facilitar tamén o acceso ao usuario final).

Como indicamos os servizos obxecto de este contrato están interconectados e interrelacionados (non só o caso do correo electrónico que se comentaba no apartado anterior, a creación dun dominio que apunte a unha web aloxada neste sistema hosting require a configuración non só do propio dominio senón da configuración da web no hosting da nube.), a separación dos mesmos en diferentes provedores requiriría establecer unha coordinación entre eles e dificultaría, a xuízo deste servizo, a execución do contrato.

Por último indicar que dado que o importe do contrato (9.000 € ao ano estimado) non é excesivo, consideramos que incluso unha PYME podería licitar e presentar unha oferta, o feito de dividilo en lotes non facilitaría a participación das mesmas, máis se temos en conta que que non existen diferentes gremios nin especializacións para poder prestar algún servizo concreto dos recollidos no alcance do

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	4/11



contrato, senón que calquera empresa do sector pode ofrecer todos os servizos indicados nos pregos técnicos.

4.1 Proposta de procedemento de contratación.

Propónse a realización do adxudicación a través dun procedemento aberto simplificado de contratación, recollido no artigo 159 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector público, tendo en conta unicamente criterios automáticos.

4.2 Proposta criterios de solvencia

Ao tratarse dun contrato inferior a 60.000 euros, poderíase eximir aos licitadores de acreditar solvencia económica e financeira, técnica e profesional (artigo 159, apartado 6 da Lei de Contratos do Sector Público).

4.3. Proposta de criterios de adxudicación

Os criterios de valoración serán obxectivos, establecendo polo tanto unha única fase para a valoración das propostas, **quedarán descartadas aquelas propostas que non cumpran cos mínimos esixidos neste prego**

Teranse en conta os seguintes criterios avaliados de forma automática:

Oferta economicamente máis vantaxosa. Máximo 50 puntos.

Valorarase ata un máximo de **50 puntos** aquela empresa que cumpra todos as especificacións técnicas e funcionais indicadas neste documento e ofrezca un prezo máis baixo seguindo a seguinte fórmula:

$$P_i = \frac{\min(O)}{O_i} * 50$$

Onde

- P_i = Puntuación da oferta da empresa i .
- O_i = Orzamento presentado pola empresa i
- $\min(O)$ = O orzamento máis baixo entre todas as ofertas presentadas.

Ampliación dominios. Máximo 2,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 2,5 puntos a ampliación do número de dominios a adquirir, manter e administrar, obtendo a máxima puntuación aquela empresa que ofrezca un maior número de dominios adicionais segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$$

Onde

- P_i = Puntuación da oferta da empresa i .
- O_i = Número de dominios ofertados pola empresa i
- $\max(O)$ = A oferta con maior número de dominios ofertados entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación Almacenamento servidor Linux (excepto almacenamento de correo electrónico). Máximo 2,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 2,5 puntos a mellora da capacidade de almacenamento do servidor Linux especificado no PPT, valorándose segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$$

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	5/11



Onde

- Pi= Puntuación da oferta da empresa i.
- Oi = GB de almacenamento presentado pola empresa i
- Max(O) = A oferta con maior número de GB de almacenamento ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación RAM servidor dedicado Máximo 2,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 2,5 puntos a mellora da memoria RAM do servidor Linux especificado no PPT, valorándose segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$$

Onde

- Pi= Puntuación da oferta da empresa i.
 - Oi = GB de RAM presentado pola empresa i
 - Max(O) = A oferta con maior número de GB de RAM ofertadas entre todas as presentadas
- No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación Almacenamento servidor Windows (excepto almacenamento de correo electrónico). Máximo 2,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 2,5 puntos a mellora da capacidade de almacenamento do servidor Windows especificado no PPT, valorándose segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$$

Onde

- Pi= Puntuación da oferta da empresa i.
- Oi = GB de almacenamento presentado pola empresa i
- Max(O) = A oferta con maior número de GB de almacenamento ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación RAM servidor Windows. Máximo 2,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 2,5 puntos a mellora da memoria RAM do servidor Linux no PPT, valorándose segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$$

Onde

- Pi= Puntuación da oferta da empresa i.
 - Oi = GB de RAM presentado pola empresa i
 - Max(O) = A oferta con maior número de GB de RAM ofertadas entre todas as presentadas
- No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación Almacenamento correo electrónico. Máximo 10 puntos.

Valorarase con un máximo de 10 puntos a mellora da capacidade de almacenamento máximo do servizo de correo electrónico especificado no PPT segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$$

Onde

- Pi= Puntuación da oferta da empresa i.
- Oi = GB de almacenamento presentado pola empresa i

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	6/11



- $Max(O)$ = A oferta con maior número de GB de almacenamento ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación do tempo de consulta de auditoría do servizo de mailing. Máximo 10 puntos.

Valorarase con un máximo de 10 puntos a ampliación do tempo de consulta de auditoría do servizo de mailing, de tal xeito que recibirá máis puntuación aquela oferta que permita realizar unha auditoría dos correos enviados e recibidos máis antigos, indicando os meses que se manterá esta información segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$$

Onde

- P_i = Puntuación da oferta da empresa i.
- O_i = Meses de consulta presentado pola empresa i
- $Max(O)$ = A oferta que permita a maior cantidade de meses de consulta ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación almacenamento servizo FTP. Máximo 10 puntos.

Valorarase con un máximo de 10 puntos a ampliación da capacidade de almacenamento do servizo de FTP especificado no PPT segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$$

Onde

- P_i = Puntuación da oferta da empresa i.
- O_i = GB de almacenamento presentado pola empresa i
- $Max(O)$ = A oferta con maior número de GB de almacenamento ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

Ampliación almacenamento servizo de intercambio de arquivos na nube. Máximo 7,5 puntos.

Valorarase con un máximo de 7,5 puntos a ampliación da capacidade de almacenamento do servizo de intercambio de arquivos na nube especificado no PPT segundo a seguinte fórmula:

$$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 7,5$$

Onde

- P_i = Puntuación da oferta da empresa i.
- O_i = GB de almacenamento presentado pola empresa i
- $Max(O)$ = A oferta con maior número de GB de almacenamento ofertadas entre todas as presentadas

No caso de non existir ampliación, a proposta será valorada con 0 puntos neste criterio.

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	7/11



Táboa resumen a presentar por cada licitador cos datos da súa proposta:

	LIMITE DOS PREGOS	MAX	FORMULA	OFERTADO
GLOBAIS				
Oferta economicamente máis ventaxosa	18.000 €	50	$P_i = \frac{\min(O)}{O_i} * 50$	
Dominios				
Ampliación número dominios	70 dominios	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	
Hosting LINUX				
Ampliación de almacenamento (excluíndo correo electrónico)	4.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	
Ampliación de RAM	48 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	
Hosting WINDOWS				
Ampliación de almacenamento (excluíndo correo electrónico)	2.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	
Ampliación de RAM	64 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	
Correo electrónico				
Ampliación espazo de almacenamento	2.000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	
Servizos adicionais de hosting				
Ampliación servizo de auditoría	12 meses	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	
Ampliación almacenamento FTP	1000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	
Ampliación almacenamento Arquivos Intercambio Nube	1500 GB	7,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 7,5$	

No campo *OFERTADO* o licitador deberá introducir a súa proposta, na mesma unidade de medida que o indicado na columna *limite dos pregos* e en formato numérico cun máximo de dúas cifras decimais.

4.4 Proposta de pagamento

Propónse un pago por cada anualidade, unha vez se acredite a renovación dos dominios e a prestación dos servizos obxecto do contrato. Para iso levantarase ao final de cada anualidade un acta de recepción parcial que recolla os servizos prestados. O adxudicatario presentará unha factura, á que acompañará dunha memoria asinada dos traballos realizados e da acta de recepción parcial co conforme do responsable do contrato. O pagamento realizarase tras un informe favorable ou conformidade do responsable do contrato que recibirá e supervisará a correcta entrega e funcionamento do servizo.

A factura será expedida de acordo coa normativa vixente, en formato electrónico Facturae e será presentada a través do Rexistro Electrónico de Facturas FACE, segundo a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	8/11



4.5 Cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal

A adjudicataria estará obrigada a manter a confidencialidade da totalidade dos datos de carácter persoal dos que teña coñecemento como consecuencia da execución do contrato, podendo utilizar estes unicamente para o cumprimento das prestacións que constitúen o seu obxecto.

A adjudicataria obrigase ao cumprimento da lexislación nos termos previstos polo Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, así como ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A adjudicataria queda obrigada, con respecto aos datos persoais dos que teña coñecemento como consecuencia da execución do contrato, a:

- Facer uso exclusivo dos datos para a finalidade contratada e non aplicalos ou utilízalos con finalidade distinta á do obxecto do presente contrato.
- Non facilitar datos persoais ás subcontratistas que presten servizos desta contratación, no caso de habelas, nin sequera para a súa conservación.
- Non copiar, manipular, gardar ou utilizar os datos aos que acceda, nin sequera de forma parcial, sen o consentimento expreso da Deputación Provincial de Lugo.
- De ser o caso, trasladar ao Delegado de Protección de Datos (DPD) da Deputación de Lugo, as solicitudes de exercicios de dereitos en relación coa protección de datos de carácter persoal.
- Adoptar as medidas de índole técnica e organizativas previstas polo Esquema Nacional de Seguridade para a categoría MEDIA, necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.
- De ser o caso, notificar ao DPD da Deputación de Lugo a existencia dunha brecha de seguridade, se a houbera, no prazo máximo de 24 horas desde que se teña coñecemento da mesma, a fin de que o DPD poda notificala a Axencia Española de Protección de Datos no prazo legal de 72 horas.
- Cumprir as medidas de seguridade recollidas especificamente no Contrato do Encargado do Tratamento de Datos Persoais que se subscribirá, de ser preciso, xunto coa formalización do presente contrato de servizos.
- Unha vez concluídos os traballos ou servizos para os que foi contratada, a empresa adjudicataria devolverá todos os ficheiros orixinais que teña no seu poder e devolverá ou destruírá, en presenza de representantes da Deputación Provincial de Lugo, e a opción desta, todas as copias totais ou parciais que tivese que realizar, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento derivado do traballo para o que foi contratado.

O incumprimento das obrigas recollidas nesta cláusula por parte do contratista non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

No momento da formalización do contrato, de ser preciso, o órgano de contratación e o adjudicatario do mesmo subscribirán un Contrato de Encargado do Tratamento de Datos Persoais, do cal se adxunta modelo no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	9/11



5. CLASIFICACIÓN CPV

72415000-2 Servicios de hospedaje de operación de sitios web www

48811000-6 Sistema de correo electrónicos

48820000-2 Servidores

6. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato será de máximo dous (2) anos dende o 24 de outubro de 2021, unha vez finalice o contrato actual de hosting.

Contéplase a posibilidade de prorrogar o contrato por un máximo de dous (2) anos adicionais, con dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

7. ORZAMENTO DA LICITACIÓN

Desglose de prezos unitarios

En cumprimento do estipulado no artigo 100 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), para acadar o orzamento base de licitación se realiza unha estimación desglosada de custes, baseada nos prezos de mercado (IVE incluído).

A estimación de custes faise en base a contratos similares e considerando prezos do mercado

Orzamento calculado e actualizado para a HOSTING E MAIL				
Actuación	Descrición	Custe sen IVE (anual)	Custe con IVE (anual)	Custe Ive (2 anos)
Renovación, mantemento e ampliación de dominios corporativos	Coste medio de dominio 15€ (orzamento para 66 dominios)	818.18 €	990.00 €	1,980.00 €
Servidor hosting dedicado LINUX	Servidor cloud que alberga as máquinas que corren sobre linux. Coste estimado en base as características mínimas que debe ter o server	1,487.60 €	1,800.00 €	3,599.99 €
Servidor hosting dedicado WINDOWS	sobre windows.Coste estimado en base as características mínimas que debe ter o server	4,132.23 €	5,000.00 €	10,000.00 €
Hosting e mantemento de webs	Servicios de hosting e actualización de licencias. Estímase 27,5 horas anuais e un coste por hora do técnico de 40 €.	909.09 €	1,100.00 €	2,200.00 €
Hosting e mantemento de correo electrónico	Servizo de correo electrónico Plesk e webmail. Estímase 37,5 horas anuais e un coste por hora do técnico de 40 €.	1,239.67 €	1,500.00 €	3,000.00 €
Servicio adicionais hosting (ftp, seguridade, etc)		413.23 €	500.01 €	1,000.02 €
Custe total anual		9,000.00 €	10,890.00 €	21,780.00 €

CUSTES DIRECTOS, INDIRECTOS E BENEFICIO INDUSTRIAL

Custes directos:

Entendidos como tales a compra e a instalación de todo o equipamento obxecto do contrato, así como a personalización e instalación dos módulos software que se subministren con este contrato, incluíndo tamén os resto de entregables (documentos, manuais, informes, ferramentas) que se elaboren dentro do contrato e os custes do persoal da empresa e medios materiais que deba utilizar o adxudicatario para a execución dos traballos do contrato.

Custes indirectos:

Se realiza unha estimación sobre os custes directos dun 3% e que contempla gastos tales como os da sede da entidade, persoal da adxudicataria que indirectamente teña relación co servizo, material de

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	10/11



oficina, gastos de desprazamento, gastos financeiros, seguros, así como os tributos a excepción do IVE dos que a empresa deba responder....

Beneficio industrial:

Entendida como a porcentaxe de beneficio do contratista como consecuencia das prestacións obxecto do contrato. Estímase nun 6% para a presente contratación aplicado sobre a suma dos custes directos e indirectos

DESGLOSE DO ORZAMENTO			
DESCRIPCIÓN		ORZAMENTO ANUAL	ORZAMENTO TOTAL
Custes directos		8,256.88 €	16,513.76 €
Custes indirectos	3.00%	247.71 €	495.41 €
Beneficio industrial	6.00%	495.41 €	990.83 €
CUSTE SEN IVE		9,000.00 €	18,000.00 €
IVE		1,890.00 €	3,780.00 €
CUSTE TOTAL		10,890.00 €	21,780.00 €

9. RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será Nicolás Fariña Vereá, Adxunto á Xefa de Servizo de Comunicación e TICs.

10. VOGAIS DA MESA DE CONTRATACIÓN

Titular: Diego Rodríguez Albaronedo, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións.(Sección Novas Tecnoloxías)

Suplente: Luis Gil Diez, Técnico Superior Administración Sistemas Informáticos en Rede (Sección Novas Tecnoloxías)

Lugo,

O Adxunto á Xefa de Servizo de Comunicación e TICs
Nicolás Fariña Vereá

Conforme,
O Deputado Delegado da Área de Promoción
Económica e Social.

Pablo Rivera Capón

	IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Fecha y Hora	21/05/2021 14:02:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Deputado Promoción Económica e Social (pablo Rivera Capón))		
Firmado por	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I	Página	11/11

